



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia celebra o Día do Biólogo

Homenaxearase aos colexiados con 25 anos de antigüidade

Santiago, 14 de maio de 2014. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) celebra de novo o venres día 16 de maio o **Día do Biólogo** a partir das 19:00 horas, no Pazo de Adrán (Calo-Teo).

Á cita, que será ocasión de encontro e de compartir experiencias, están convidados especialmente aqueles colexiados que levan 25 anos no Colexio, que serán obxecto de recoñecemento pola súa ininterrompida pertencencia a él. Entre eles, a Conselleira do Medio Rural e do Mar, D^a Rosa Quintana, que pronunciará unhas palabras en nome dos homenaxeados.

Este ano ademais, entregarase a distinción de **Bióloga do Ano** a D^a Mercedes Casal, anterior decana do COBGA, polos seus esforzos e dedicación durante todos os anos que desempeñou a súa responsabilidade e a de **Empresa do Ano** a Frinsa del Noroeste, S. A. en atención á súa traxectoria no ámbito da alimentación, o seu mecenado a prol da investigación científico-técnica e a súa implicación na calidade ambiental e a responsabilidade social corporativa.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

981 53 14 40

info@biologosdegalicia.org